

MOCIÓN DE AER SOBRE O APOIO Á PROPOSICIÓN DE LEI SOBRE A MELLORA DA PROTECCIÓN LABORAL E SEGURIDADE SOCIAL DAS PERSOAS CON ENFERMIDADE DE CANCRO

PLENO 5 MAIO 2014. ACTA 6/2014

“Beatriz Figueroa, veciña de Vigo, xornalista e avogada en situación de desemprego, está enferma de cancro dende hai 3 anos; e a pesares de que conta cuns ingresos de tan só 426euros mensuais, está obrigada a pagar o 40% dos seus medicamentos. Ela e o catedrático de Dereito de Traballo e Seguridade Social da Universidade de Vigo, Jaime Cabeza, veñen de presentar no Congreso dos Deputados a través da voceira do BNG Olaia Fernández davila, unha iniciativa de Lei para que o Estado faga efectiva a protección laboral e social das persoas con cancro. Esta iniciativa pide que o Goberno Central mude a Lei Xeral de Seguridade Social, e será tratada no Congreso nos vindeiros días.

O texto recolle as grandes dificultades, dos/as doentes de cancro para manter os vencellos co eido laboral. Esta proposición de lei busca protexer economicamente as enfermos/as de cancro e non condenalos á exclusión social, pedindo que a Lei Xeral de Seguridade Social sexa modificada para dar unha protección especial conferíndolles seguridade xurídica e económica, outorgándolle a incapacidade permanente se fose necesaria.

Posto que non desexamos que o cancro sexa causa da exclusión social,queremos unha protección laboral especial para os enfermos /as de cancro, queremos unhas prestacións sociais suficientes a través dun réxime público de Seguridade Social, **propoñemos ao pleno do Concello de Redondela os seguintes acordos:**

- **O Concello de Redondela apoia a iniciativa legislativa de Beatriz Figueroa.**
- **Instar a tódolos grupos políticos representados no parlamento español a apoiar esta iniciativa.”**

VOTACIÓN E ACORDO.-

O Concello pleno en votación ordinaria, e por unanimidade dos seus membros presentes , sendo vinte e un votos a favor (10 PP, 8 PSdeG-PSOE, 2 BNG e 1 AER), aproban a moción presentada pola Agrupación de Electores de Redondela sobre o apoio á proposición de lei sobre a mellora da protección laboral e de seguridade social das persoas enfermas de cancro.